


Manuel



Manuel María



LETRAS GALEGAS

2016

MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO

Poeta, narrador e dramaturgo moi comprometido coa lingua galega, nace en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929, dentro dunha familia de labregos acomodados. Estuda Bacharelato en Lugo e Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Acada o título profesional de Procurador, exercendo dita profesión en Monforte. En maio de 1959 casa con Saleta Goi García, a muller que o acompañou na maior parte dos seus proxectos. Posteriormente no ano 1970 abre en Monforte, xunto coa súa muller, a librería Xistral, auténtico centro de dinamización cultural da vila. Os últimos anos da súa vida trasládase á Coruña xunto coa súa muller, ata a súa morte o 8 de setembro de 2004.



A súa obra

Sendo a poesía o seu xénero preferido, destaca tamén no ensaio, a narrativa e o teatro. Publica o seu primeiro libro de poemas, *Muíñeiro de brétemas*, cando contaba con só 19 anos, o que o converte no poeta máis novo que publica en galego na posguerra.

Entre as súas obras destacar:

- . Terra Cha
- . Os soños na gaiola
- . As rúas do vento ceibe
- . Versos para un país de minifundios
- . Cancións do lusco ao fusco
- . Poemas ao Outono
- . Escolma de poetas de Outeiro de Rei
- . Poemas a Compostela
- . Os carreiros do soño
- . Elexias á miña vida pequeniña

...

